

En España fálanse catro linguas e aparecen con distinto grao de recoñecemento dúas modalidades lingüísticas na constitución española máis unha no estatuto de autonomía catalán.ç

O **galego** fálase en Galicia e no occidente de Asturias, León e Zamora. É falada por máis de dous millóns de habitantes, se ben moitos deles son bilingües e a lingua sofre unha situación de minorización. A porcentaxe de falantes de galego descende conforme baixamos en idade, o que compromete a situación do idioma de cara ao futuro. Na lingua escrita, en cambio, mellorou significativamente a competencia dos usuarios pola incorporación da lingua galega ao ensino, así como o número de publicacións en galego con respecto a outras épocas da historia da lingua. O galego está directamente emparentado co portugués, lingua que se fala en Portugal, Brasil, Mozambique, Angola e Cabo Verde, polo que poderíamos dicir que o portugués dá ao galego unha dimensión internacional.

O **catalán** é falado por uns sete millóns de persoas, a maior parte bilingües, nas catro provincias catalás (agás no Val de Arán), na comunidade autónoma de Baleares, na cidade sarda de Alguer, no departamento francés dos Pireneos Orientais (antigo Rosellón), en Andorra; ademais fálase tamén na comunidade autónoma de Valencia, recollida no respectivo estatuto co nome de valenciano. O catalán en Cataluña está en proceso de recuperación e aumento de falantes grazas ás políticas de inmersión lingüística levadas a cabo polos gobernos da Generalitat, propiciadas por un gran apoio social debido ao gran prestixio que a lingua sempre tivo para o pobo catalán.

O **castelán** é a lingua oficial en 22 estados. Fálase en España, América do Sur, América Central, Filipinas e pequenas zonas de África. É usado por máis de trescentos millóns de persoas. Dentro da península compite coas linguas periféricas na disputa polos usos. Nalgúns países comparte a condición de idioma oficial con outras linguas (en Perú co quechua e co aimara; en Paraguay co guaraní). En EEUU hai unha comunidade hispana moi importante o que fai que a lingua estea ascendendo postos entre as máis faladas no país, pero en moitos casos a poboación hispana sofre unha situación diglósica (o castelán é a lingua familiar sen prestixio social).

O **éuscaro** é a única lingua preindoeuropea existente en Europa occidental. Ten arredor de seiscentos mil falantes (todos bilingües) no País Vasco español, norte de Navarra e País Vasco francés. Aproximadamente un 13% da poboación vasca declara usar habitualmente o éuscaro, e nos últimos trinta anos produciuse un aumento significativo da competencia lingüística da poboación. Non obstante o número de falantes espontáneos da lingua non aumenta.

O **asturiano** (tamén chamado astur-leonés e bable) é a modalidade lingüística que se fala principalmente en Asturias, mais tamén en parte de León e a poboación portuguesa de Miranda (onde se fala mirandés, unha variante do leonés). Non ten recoñecemento oficial, nin na constitución nin no propio estatuto de autonomía. Ten escaso uso escrito, e continúa a perder falantes.

O **aragonés** é a variedade lingüística que se fala nalgúns vales da provincia de Huesca (o idioma tivo unha extensión moito máis ampla na Idade Media). O estatuto de autonomía insta á protección da lingua pero na realidade sufriu un proceso de abandono por parte das autoridades políticas.

O **aranés** é falado por máis da metade da poboación do Val d'Arán (Lleida). Trátase dunha modalidade do gascón (variedade do occitano). O estatuto de autonomía catalán protexe o idioma e hoxe en día impártense clases no ensino nesa variante lingüística.